



VIGO e o MAR

GUÍA DIDÁCTICA PARA O PROFESORADO

Nivel educativo: 5º e 6º de primaria / 1º e 2º de secundaria
2023

DESCRIPCIÓN

Na guía do profesorado descríbense os obxectivos mínimos a adquirir polo alumnado, a proposta metodolóxica a seguir, así como unha serie de suxestións e recursos de apoio e ampliación de contidos para adaptar o desenvolvemento da UD ao alumando.

METODOLOXÍA DE TRABALLO

Os contidos da UD están formulados para desenvolverse nunha semana de traballo, máis dous días destinados á preparación e peche das actividades.

En cada unha das xornadas centrais abordarse un bloque temático diferente, dos cinco nos que se divide: o primeiro deles está centrado no entorno no que se empraza a cidade, e os seguintes catro nos diferentes momentos históricos clave para entender a evolución do asentamento humano que deu lugar a cidade contemporánea.

Cada día formúlase unha saída na que tratar in situ os contidos, usando a propia cidade como ferramenta didáctica.

TEMPORALIZACIÓN

Preparación

Como actividade preparatoria, na semana anterior ao desenvolvemento dos contidos da UD, levarase a cabo una actividade motivadora que sirva de (auto)reflexión sobre a visión propia e o coñecemento que o alumnado ten sobre a súa cidade. A proposta é que cada alumno cree o seu mapa da cidade sinalando os lugares que considera máis significativos.

Luns - Xornada do entorno territorial da cidade

[bloque temático I]

Os contidos e actividades do luns xiran arredor do coñecemento do entorno no que se emprazou a cidade, concretamente a Ría de Vigo, e a importancia que a súa riqueza e biodiversidade tivo no desenvolvemento da mesma.

As principais áreas de coñecemento involucradas nesta xornada son:

- Coñecemento do medio

Martes - Xornada do pasado remota da cidade

[bloque temático II]

Os obxectivos a acadar durante o martes é afondar no coñecemento sobre as orixes remotas da cidade e nos vestixios desas primeiras poboación que aínda podemos atopar na cidade contemporánea como parte do noso patrimonio arqueolóxico.

→As principais áreas de coñecemento involucradas nesta xornada son:

- Xeografía
- Historia
- Arte
- Valores

Mércores - Xornada das orixes de Vigo

[bloque temático III]

Durante o terceiro día o obxectivo é achegarnos ás orixes medievais da cidade actual, coñecer e recoñecer no territorio a forma urbana medieval, as principais actividades económicas que foron motor da cidade e o principal patrimonio herdado deste período.

→As principais áreas de coñecemento involucradas nesta xornada son:

- Xeografía
- Historia
- Arte
- Valores

Xoves - Xornada da vila pesqueira fortificada

[bloque temático IV]

Nesta xornada indagaremos sobre a fortificación da vila de Vigo e as motivacións que hai detrás da súa construción, reflexionaremos sobre o espazo intramuros e os barrios extramuros, especialmente do Berbés e o nacemento do barrio do Areal que marcará o futuro da cidade.

→As principais áreas de coñecemento involucradas nesta xornada son:

- Xeografía
- Historia
- Arte
- Valores

Venres - Xornada do desenvolvemento da industria do mar

[bloque temático V]

Neste último día da semana coñeceremos a dimensión de Vigo como cidade que se converteu na capital mundial da industria conserveira, un sector que serviu de impulso a outras actividades relacionadas co mar, como os estaleiros e a pesca.

→As principais áreas de coñecemento involucradas nesta xornada son:

- Xeografía
- Historia
- Arte
- Valores

Peche

Como peche da semana propónse revisitar e repensar o traballo preparatorio, desta volta formulado como traballo en equipo. A idea é crear un novo mapa da cidade de xeito colectivo, no que incorporar e mesturar as vivencias comúns coas aprendizaxes sobre a cidade da semana previa.

A idea é que o mapa creado, coas explicacións de cada un dos lugares sinalados, estean dispoñibles para a súa difusión no portal web do concello de Vigo: Patrimonio e Historia.

→As principais áreas de coñecemento involucradas nesta xornada son:

- Artes plásticas e visuais
- Lingua galega

CONTIDOS DIDÁCTICOS

BLOQUE TEMÁTICO I. O ENTORNO NATURAL

Obxectivos didácticos a acadar

- Recoñecer o papel vital da ría ao longo do tempo para as comunidades asentadas na súas costas, tanto como fonte de recursos, como vía de comunicación.
- Facer consciente ao alumnado da necesidade de protexer o ecosistema mariño (da ría) ante as diferentes agresións ao que está sometido.
- Diferenciar entre o cambio climático debido aos ciclos naturais e aquel provocado/acelerado polo home, así como as consecuencias da subida do nivel do mar.

Contidos a transmitir

- Preséntase o papel da ría de Vigo ao longo do tempo como fonte de recursos para as poboacións que se asentaron nas súas costas e como vía de comunicación, como punto de partida para reflexionar sobre a riqueza deste ecosistema.
- Estudar a evolución da liña de costa e o seu impacto nas poboacións locais, facendo fincapé na diferenza entre os ciclos naturais e o cambio climático provocado polo home.

Saída

Para abordar os contidos se poden visitar os seguintes espazos:

- En relación ao ecosistema da Ría de Vigo
 - Visor submarino Nautilus
 - <https://www.livingports.eu/nautilus>
 - <https://www.apvigo.es/es/paginas/visitas>
 - Peirao do Solpor (previsão 2026)
- En relación á variación da liña de costa
 - Centro arqueolóxico do Areal. Salinae

Recursos online

Algúns recursos para visualizar os efectos da subida do nivel do mar

- <https://sealevel.nasa.gov/ipcc-ar6-sea-level-projection-tool>
- <https://flood.firetree.net/?ll=43.6126,1.4223&m=50&type=hybrid>

BLOQUE TEMÁTICO II. OS ANTECEDENTES DO ASENTAMENTO HUMANO

Obxectivos didácticos a acadar

- Identificar e situar no tempo os antecedentes da formación da vila de Vigo e que o alumnado coñeza algúns dos vestixios materias de cada un deses períodos
- Coñecer a relación entre o mar e as poboacións asentadas na Ría

Contidos a transmitir

- Os primeiros grupos plenamente sedentarios do Val do Fragoso: a cultura castrexa e o Castro de Vigo
- O poboamento galaico-romano e a súa evolución ata a ruptura cos tempos medievais

Saída

Para abordar os contidos se pode levar a cabo o seguinte itinerario

- [Ruta A espiral do tempo \(elementos 1 - 6\)](#)

De xeito complementario e como parte da mesma ruta para abordar os contidos pódense visitar os seguintes espazos:

- [Xacemento musealizado do Castro de Vigo](#)
- [Centro arqueolóxico do Areal. Salinae](#)

De xeito secundario outros elementos a visitar poderían ser:

- [Centro de interpretación do Mudo Romano \(CIMR\) de Toralla](#)
- [Museo Quiñones de León. Sala de Arqueoloxía](#)

Recursos online

Algúns recursos complementarios para traballar estes contidos

- [Mapa dos castros de Vigo](#)
- [Tour virtual sala de arqueoloxía do Museo Quiñones de León](#)
- [Tour virtual xacemento arqueolóxico de Castro de Vigo](#)
- [Tour virtual xacemento vila romana de Toralla](#)

BLOQUE TEMÁTICO III. AS ORIXES MEDIEVAIS DE VIGO

Obxectivos didácticos a acadar

- Coñecer as orixes medievais de Vigo e as actividades socioeconómicas que marcaron o seu nacemento e crecemento
- Recoñecer na forma urbana da cidade o núcleo de orixe medieval e os seus barrios

Contidos a transmitir

- Preséntase o poboamento rural do Val do Fragoso (actual territorio municipal) durante os inicios da Idade Media e a “fundación” do que será núcleo de Vigo arredor da Igrexa de Santa María
- O papel da actividade pesqueira e marítimo-comercial no desenvolvemento do núcleo ata alcanzar a condición de vila de carácter urbano

Saída

Para abordar os contidos se pode levar a cabo o seguinte itinerario

- [Ruta A espiral do tempo \(elementos 7-12\)](#)

De xeito complementario e como parte da mesma ruta para afondar nos contidos pódese visitar o seguinte espazo:

- [Porto pesqueiro e lonxa de Vigo.](#)

BLOQUE TEMÁTICO IV. A VILA PESQUEIRA FORTIFICADA

Obxectivos didácticos a acadar

- Coñecer as principais transformacións urbanas da vila de Vigo ao longo da Idade Moderna: o crecemento urbano e a fortificación da vila.
- Coñecer o papel que as actividades ligadas a transformación dos produtos do mar tiveron no desenvolvemento da vila

Contidos a transmitir

- A evolución do núcleo de Vigo dende unha aldea pesqueira medieval, a unha vila fortificada no século XVII, e as actividades motoras da transformación.
- Os barrios extramuros: do Berbés, ligado á actividade pesqueira, ao crecemento do barrio do Areal, baseado na actividade protoindustrial vinculada ao mar.

Saída

Para abordar os contidos pódense levar a cabo os seguintes itinerarios

- [Ruta A espiral do tempo \(elementos 13 e 14\)](#)
- [Ruta Vigo e a industria do mar \(elementos 5 - 7\)](#)

De xeito complementario e como parte da mesma ruta para afondar nos contidos pódese visitar o seguinte espazo:

- [Musealización da fortaleza do Castro](#)

Recursos online

Algúns recursos complementarios para traballar estes contidos :

- [A fortaleza do Castro](#)
- [Cartografía histórica de Vigo do século XVIII \(1173\)](#)

BLOQUE TEMÁTICO V. A CAPITAL GALEGA DA INDUSTRIA DO MAR

Obxectivos didácticos a acadar

- Coñecer o papel que a industria conserveira tivo no crecemento e transformación da cidade

Contidos a transmitir

- O crecemento urbano de Vigo dende o século XIX: de vila pesqueira a cidade marítimo-industrial
- A industria conserveira como motor de crecemento da cidade

Saída

Para abordar os contidos pódense levar a cabo os seguintes itinerarios

- [Vigo e a industria do mar \(elementos 8 a 12\)](#)

De xeito secundario outros elementos a visitar poderían ser:

- [Museo Anfacó da Industria conserveira](#)

Recursos online

Algúns recursos complementarios para traballar estes contidos:

- [Catálogo online do museo Anfacó](#)
- [Contidos multimedia do museo Anfacó](#)